

# DECRETO

**Expediente núm.:** 3154/2024

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0924, de data 04/06/2024 polo que se resolve a formación do Tribunal calificador para a contratación de 5 peóns perceptores da Risga.

Visto o erro detectado na redacción do devandito Decreto, consistente en:

Onde di:

*"Vistas as bases da convocatoria para a contratación de 5 peóns perceptores de RISGA subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, publicadas no DOG n.º 17 do 24 de xaneiro de 2024, para levar a cabo a obra de interese social ou xeral "MELLORA E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS MUNICIPAIS" , aprobadas por Resolución de Alcaldía n.º 2024-0918 do 3 de xuño de 2024."*

Debe dicir:

*"Vistas as bases da convocatoria para a contratación de 5 peóns perceptores de RISGA subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, publicadas no DOG n.º 17 do 24 de xaneiro de 2024, para levar a cabo a obra de interese social ou xeral "REVALORIZACIÓN E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS" , aprobadas por Resolución de Alcaldía n.º 2024-0918 do 3 de xuño de 2024."*

Onde di:

**"SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal calificador do proceso selectivo para vindeiro 5 de xuño ás 9:00 horas na Sala de Reunións da Casa Consistorial para a constitución do mesmo. A data do exame queda fixada para o vindeiro 6 de xuño ás 10:00 horas no Edificio de Usos Múltiples, sito na Avda. Benito Vigo n.º 94."

Debe dicir:





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

**"SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal calificador do proceso selectivo para vindeiro 5 de xuño ás 9:00 horas na Sala de Reunións da Casa Consistorial para a constitución do mesmo. A data do exame queda fixada para o vindeiro 6 de xuño ás 09:00 horas no Edificio de Usos Múltiples, sito na Avda. Benito Vigo nº 94."

E, en uso das facultades que me cofire a lexislación vixente,

## RESOLUCIÓN

Aprobar a corrección do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0924, de data 04/06/2024, quedando a súa redacción definitiva do seguinte xeito:

*"Feitos e fundamentos de dereito*

*Vistas as bases da convocatoria para a contratación de 5 peóns perceptores de RISGA subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, publicadas no DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 2024, para levar a cabo a obra de interese social ou xeral **"REVALORIZACIÓN E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS"**, aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 2024-0918 do 3 de xuño de 2024.*

*Visto que nas Bases da convocatoria non estaba designado o Tribunal Calificador dos procesos selectivos.*

*Resolución*

**PRIMEIRO.-** Aprobar a formación dos Tribunal calificador do proceso selectivo composto polos seguintes membros:

**Presidente:**

- Titular: D. Miguel A. Durán Constenla (Encargado de Obras do Concello da Estrada).
- Suplente: Dña. Vanessa María Rodríguez Varela (Administrativa de Administración Xeral do Concello da Estrada)

**Secretario: (actuará con voz e voto):**

- Titular: Dña. M<sup>a</sup> Luz Durán Constenla (Limpadora do Concello da Estrada).
- Suplente: D. Henrique Vázquez Pernas (Animador sociocultural do Concello da Estrada).

**Vogais:**

- Titular: D. Rubén Aller González (Oficial Electricista do Concello da Estrada).
- Suplente: Dña. M<sup>a</sup> Rita Rivas de la Iglesia (Economista do Concello da Estrada).





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

- Titular: D. José Puente Amboage (Operario do Concello da Estrada).
- Suplente: Dna. Rosa María Montero Vecino (Directora da Escola Infantil Municipal)
- Titular: D. José A. López Villar (Conductor do concello da Estrada).
- Suplente: Dna. M<sup>a</sup> Del Carmen Fuentes López (Auxiliar Administrativa da Biblioteca Municipal)

**SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal calificador do proceso selectivo para vindeiro 5 de xuño ás 9:00 horas na Sala de Reunións da Casa Consistorial para a constitución do mesmo. A data do exame queda fixada para o vindeiro 6 de xuño ás 09:00 horas no Edificio de Usos Múltiples, sito na Avda. Benito Vigo nº 94."

Así o manda o Sr. Alcalde, na Estrada do que da fe a Secretaria.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

